

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE

DECEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día dezanove de decembro de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU.

Non asisten, con escusa, dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º.- Proposta de resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 13 de decembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 19 de decembro actual.

Aberto debate, don José Venancio Salcines Cristal expón que sempre estiveron dispostos ao consenso e ao diálogo, pero o que non se pode facer, como neste caso, é que para unha ordenanza que se aprobou o 25 de outubro e se publicou o 3 de novembro, se presenten alegacións no Rexistro de Entrada o 7 de decembro, sabendo pola súa experiencia política, maior que a que ten o Sr. Salcines, que a Intervención está bloqueada, e que non se podían facer os correspondentes estudos agás causando prexuízos a terceiros como consecuencia da demora do pago de facturas. Poderían ter presentado as alegacións antes, e ter feito o estudo económico pertinente, polo que lle di a don Henrique Xabier Iglesias que non lle diga que quere dialogar, pois o que fixo é un brindis ao sol, fai a proposta sen dar tempo a que se estude, polo que lle pide que non fale de diálogo cando non é capaz de dialogar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, contesta que cada vez queda máis sorprendido desta corporación. O Sr. Salcines ten o costume de contestar con cousas que non están en debate. A proposta de modificación presentouse dentro do prazo de exposición pública, e quen pode ter interese no consenso é o goberno, normalmente se chama aos grupos que están na oposición cos que teñen dúbidas, e aí se vería a intención do diálogo e do consenso. Dille ao Sr. Salcines se ten a porta aberta, para cando aprenda o horario.

Segue dicindo que eles fixeron unha proposta de consenso cando lles pasaron o expediente para poder debatilo, que foi coa convocatoria anterior. Recolleron unhas propostas que lles pareceron axeitadas, e o que no tivo interese en recoller esas propostas foi o equipo de goberno. O consenso puido producirse nese momento, pois o fondo da cuestión é que o que se propón é beneficioso para os veciños de Cambre, en concreto o da auga era facer xustiza ás familias afectadas, e en canto ao estudo económico, debería facelo o departamento que ten o concelleiro delegado Sr. Salcines, que é o que ten que dar as instrucións oportunas.

Conclúe dicindo que volverán a facer as propostas de aquí a un ano, e agardan que estas desculpas non se utilicen, e se utilicen outras, aínda que o mellor é que haxa consenso.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, expón que, por coherencia co debate das ordenanzas fiscais, vanse abster, agora ben, consideran

que as achegas son importantes, pero cren que debe facerse un estudo e ver se no 2009 se poden levar a cabo esas propostas.

Conclúe dicindo que felicita ao BNG pola súa achega, pero o PP lamenta que o BNG, mentres estivo no equipo de goberno, non tivera feito estas propostas, pois os veciños de Cambre xa se podían estar beneficiando.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que agradece a felicitación pero insiste en que son tres propostas concretas e utilizaron os procedementos legais. Teñen claro onde están agora e, para que conste, di que a proposta máis importante, a correspondente á modificación da taxa por subministración de auga, o BNG presentouna despois no tempo en que uns veciños a presentaron, non ao BNG, senón tamén aos demais grupos políticos. Presentárona no 2007, e o BNG presentouna agora.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que non ten coñecemento de que alguén se tivera dirixido ao PP con estas propostas e terían que dispoñer do estudo pertinente para poder votalo, e, se do que se trata e de beneficiar aos veciños, el renuncia neste momento ao cobro pola asistencia a este pleno, dado o pouco tempo empregado con un único punto.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que manteñen unha vía de diálogo e consenso, e que intentarán chegar a un acordo. Dirixíndose a don Henrique Xabier Iglesias dille que en breve o chamará e lle informará sobre o horario.

O Sr. alcalde somete a votación a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego. Votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, votan en contra os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A continuación somete a votación as alegacións presentadas polo BNG. Votan a prol os catro concelleiros do BNG e os dous concellerios de EU-IU, votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, polo que decide o voto de calidade do Sr. alcalde.

A corporación, por seis votos a prol, acordou:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por don Antón Otero Domínguez, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego de Cambre.

Segundo: Aprobar con carácter definitivo para o exercicio 2008 e seguintes as modificacións das Ordenanzas fiscais aprobadas provisoriamente por acordo plenario de 25 de outubro do presente ano, mantendo o devandito acordo en todos os seus termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia